

# Bloque Gondomar

Morgadães Xuño de 2009

“ A día de hoxe a tramitación do saneamento da Pedra está rematada ”

Envío postal sen enderezo

## A VERDADE DO SANEAMENTO DA PEDRA



O BNG foi o primeiro en solicitar o saneamento na Pedra

Unha vez máis o PP pretende enganar á opinión pública. Para iso, o primeiro que fan é apropiarse das institucións, como se a Entidade Local fose propiedade súa. O segundo consiste en mentir sobre a realidade das cousas. Velaí a verdade da tramitación do saneamento da Pedra.

1º.- A primeiros do 08 iniciáronse os traballos preliminares para a redacción do proxecto de “Infraestruturas Básicas de Saneamento do Barrio da Pedra” : estudos topográficos, catas xeolóxicas, planos, medicións, etc.

2º.- Paralelamente comezaron a tramitarse os informes sectoriais nas diferentes Consellerías implicadas.

3º.- En novembro de 08, co anteproxecto xa rematado, é remitido ás Consellerías de Cultura, Medio Ambiente e de Medio Rural (Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas).

4º.- De todo isto existen probas documentais no expediente, que son os informes favorables recibidos e que o PP coñece perfectamente.

5º.- Feita a tramitación cos informes favorables e os proxectos definitivos enviados á Consellería do Medio Rural, neste momento só falla que a Xunta licite as obras e non castigue a Gondomar por ter un goberno do BNG.

Mentres nós xestionamos con rigor e seriedade; que fixo o PP polo saneamento da Pedra?, e que fixo mentres gobernou na Xunta, no Concello o una Entidade?, NADA. Agora, en plena campaña electoral moven os peóns que teñen en Morgadães para intoxicar aos veciños, dicindo que tiñan un convenio coa Deputación. Onde está ese convenio?.

A día de hoxe a tramitación do saneamento da Pedra está rematada. O traballo dos compañeiros/as de Morgadães e do Goberno Municipal está completo. Polo tanto a pelota está no tellado do PP, chámese Deputación, Xunta ou Entidade Local. Dende o BNG esixíremolle á Xunta que cumpra os compromisos con Morgadães.

Contacto

Praza da Alameda Nº 3 Baixo  
36380 Gondomar  
Tif/Fax: 986 389273



[www.bnggondomar.blogaliza.org](http://www.bnggondomar.blogaliza.org)  
[bnggondomar@gmail.com](mailto:bnggondomar@gmail.com)



Edita: BNG Gondomar  
Tiraxe: 4000 exemplares

## A Contracapa

# DE NOVO A RAZÓN DA FORZA



Así foi como como deixaron a pancarta



Esta era a pancarta que puxo o BNG



As dúas pancartas “convivían” respectuosamente

Os autores deste atentado contra a liberdade de expresión son os mesmos que hai uns anos lle queimaron a casa e os coches un compañeiro Vogal do BNG na Entidade Local Menor de Morgadáns. Coma bos fascistas son covardes, actúan de noite e vínganse no máis debil, neste caso nunha pancarta do BNG. Obviamente a pancarta dicía a verdade, e por iso tentaron queimala e rompela.

**A pregunta sobre os autores dos feitos respóntase a si mesma. A quen lle molestaba a pancarta?**

Cando lle queimaron a casa ao compañeiro, o PP xustificou nos medio de comunicación semellante atentado. Cinco anos despois aínda non apareceron os responsábeis e, hoxe nos medios de comunicación PP volve a darlle “cobertura política” aos mesmos bárbaros criticando “a política de octavilla e de pancarta do BNG”. Moléstalle que os que non pensan coma eles o poidan expresar libremente. Onte queimaron uns coches e unha casa, hoxe unha pancarta, e mañá quen sabe....

Pois ben, que saiban estes fascistas e quen os protexe, que nin antes nin agora nos van a calar. O BNG dirá e defenderá en público aquilo no que crémos e polo que loitamos, só coa limitación do respecto á dignidade das persoas e á Lei, e porque non ao bo gusto.